

# DOUS VILANCICOS MINDONIENSES DE FINAIS DOS SÉCULOS ESCUROS. EDICIÓN CRÍTICA

*Maria Xosé Anca Casal*

## I) INTRODUCCIÓN

Todos sabemos da caréncia de obras literárias nos denominados Séculos Escuros, e da consecuente importancia do corpus dos vilancicos conservados nas nosas catedrais de Compostela e Mondoñedo.

Pretendemos con esta exposición presentar o texto de dúas pezas conservadas no arquivo catedralicio de Mondoñedo. Tendo en conta que ambas foron xa editadas, procuramos dar unha nova visión a partir do confronto directo das fontes manuscritas, buscando unha interpretación máis axeitada ao seu contido e procurando manter no posíbel as características lingüísticas dos textos, xa que teñen especial relevancia como manifestación literaria daqueles séculos.

A tradición de cantar un vilancico en galego no Nadal orixinou-se en Compostela, sendo mestre de capela Melchor López (1759-1822). No ano 1790 musica un vilancico do poeta Marcos Parceros para o Nadal; trataba-se de *Da Ulla a meu cabo veño*, un vilancico dialogado que inclúe parágrafos en castelán, de maneira que se entroncaba con toda unha tradición (moi tratada por José L. Pensado<sup>1</sup>) de vilancicos «de galegos» existente en terras portuguesas e de Castela, fundamentalmente. Tal tradición presentaba un personaxe galego (ás veces xunto a outros «estranxeiros») diante do pesebre, de xeito case teatral.

Este mesmo esquema é tamén o que presentan as dúas pezas que editamos, e é, así mesmo, o que presentan outros textos iniciadores desta tradición no territorio galego. A diferenza fundamental entre os textos non autóctonos e os que se conservan

---

<sup>1</sup> Poden servir de mostra algúns artigos recollidos en *El gallego, Galicia y los gallegos a través de los tiempos* (1985), Ed. La Voz de Galicia, A Coruña.

en Santiago ou Mondoñedo, reside na propia lingua empregada; mentres nos primeiros atopamos unha recreación imitativa, os vilancicos galegos conteñen unha lingua auténtica, a que corresponde cunha época que ficou para nós, mutilada de testemuños escritos.

Mondoñedo recolleu a tradición que resultou ser efémera en Santiago e mantivo durante todo un século o costume de cantar un vilancico «galego». Comeza a facé-lo o mestre Angel Custodio Santavaya, no ano 1794, cun vilancico dialogado, tal como se iniciara en Compostela. Musicará en total sete pezas en galego con este fin. No ano 1806 será o seu sucesor, José Pacheco, o que prosiga con este uso probabelmente até data próxima á súa morte -no ano 1865. Pascual Saavedra continuará no seu posto até entrado o século XX, poñendo música moitas veces a letras xa empregadas polos seus antecesores.

Como sucede con case todos os vilancicos mindonienses, os poemas que nós editamos foron conservados nas partituras musicais correspondentes. Nestes papeis só achamos escrito o nome do mestre de capela que foi compositor da música -no caso que nos ocupa trata-se do mestre Santavaya, antes citado e que exerceu este labor do ano 1782 ao 1804. Do autor da letra nada sabemos con certeza. José-Martinho Montero Santalha comenta, na edición que publica do vilancico do ano 1799, que «para algúns dos vilancicos galegos a que pôs música, o maestro Santavalha tomou os textos de pezas musicais cantadas precedentemente na catedral de Santiago; mas deste non sabemos que proceda de fora de Mondoñedo, de modo que é fundado supor que o seu autor pöde ser o jovem sacerdote mindoniense António-Maria Castro Neira, que nos anos seguintes, já com o maestro Pacheco (1784-1865), sucesor de Santavalha, comporia os textos portugueses de vários vilancicos galegos»<sup>2</sup>. Esta mesma suposición pode ser válida para o outro vilancico que editamos, datado no 1801. Con todo, convén lembrar que non podemos ir máis aló da simples hipótese, xa que non contamos con datos que o confirmen.

## II) CRITERIOS DE EDICIÓN

Para esta edición partimos da consulta directa dos papeis manuscritos que conteñen as partituras dos vilancicos galegos cantados nos anos 1799 e 1801. Foron catalogados cos números 303 e 301 respectivamente<sup>3</sup>. As oportunas modificacións que facemos sobre as fontes, van-se indicando en nota.

Tentamos manter a orde que presentan as partituras, se ben non repetimos os estribillos, apoiando-nos na congruencia do propio texto.

---

<sup>2</sup> Cfr. J. M. Montero Santalha (1990): «Vilancico mindoniense do ano 1799», *Renovação: Embaixada galega da cultura*, Janeiro, Madrid, 2, pp. 7-9.

<sup>3</sup> J. Trillo, J.-C. Villanueva (1993), *El Archivo de Música de la Catedral de Mondoñedo*, Public. de Estudios Mindonienses, Ferrol, p.120.

Canto aos criterios de edición cómpre indicar que son da nosa man a puntuación, así como a separación ou unión de palabras. Modificamos estes aspectos en moitas ocasións, segundo a nosa interpretación do texto. En todos os casos, non representamos o signo de exclamación nen o de interrogación invertido inicial. Hai que dicir que os manuscritos, polo xeral, presentan unha puntuación bastante descoidada; a letra do vilancico tiña no contexto en que nos movemos pouca importancia fronte á partitura musical, e sinal disto é que un mesmo texto era empregado e refundido para diferentes músicas polos mestres de capela.

Na representación da acentuación gráfica, optamos por marcar só os acentos con función diacrítica.

Indicaremos as posíbeis elisións vocálicas coa presenza dun apóstrofo, tal como se acostuma facer neste tipo de edicións.

Non regularizamos conforme ao uso actual a representación de «b» e «v», aínda que consideramos que a confusión no seu emprego non reflecte unha diferenza fonética, senón simplemente descuido do copista.

Así mesmo, mantemos as representacións «x», «g» ou «j», se ben a arbitrariedade que se observa na súa distribución e a inconstancia do seu uso, confirman que nese estadio, a lingua falada «aquém Minho» non pronunciaba en nengun caso palatais sonoras.

Conservamos a grafía «y» nos casos en que equivale ao son /i/, representado en galego actual con «i» latino. Así mesmo, respetamos as grafías sen «h» nalgunhas palabras que carecen dela probablemente por fallo ortográfico. Outras veces, veremos que se emprega este grafema para fortalecer o corpo gráfico de palabras breves, tal como acontecía nos textos medievais.

No caso das partes incluídas en castelán, aplicaremos estes mesmos criterios de edición. A acentuación que empregamos é a actual.

Por último, podemos indicar que, por carecer dun título específico, os vilancicos son denominados polo «incipit», isto é, polo primeiro verso.

### III) O VILANCICO CANTADO EN 1799: *OYAME, ZAGAL*

Trata-se dun dos máis antigos vilancicos galegos que se cantaron en Mondoñedo. Foi editado por primeira vez no ano 1990 nun artigo publicado por J.M. Montero Santalha<sup>4</sup>. Alguns anos despois foi de novo publicado polo profesor Carlos Villanueva<sup>5</sup>. Con forma dialogada, alterna galego e castelán, xa que un galego se presenta ante o neno Xesus coa ofrenda dunha canción e dirixe-se a un pastor que lle contesta en castelán invariabelmente.

<sup>4</sup> Vid. supra n 2.

<sup>5</sup> Villanueva, C., (1994) *Los villancicos gallegos*, Fund. Barrié de la Maza, Coruña, p.247.

Dende o punto de vista literario, este texto é un romance que mantén con regularidade (mesmo tamén nas partes en castelán) unha rima aguda en *o*. O verso segundo sobra se nos fixamos neste esquema de romance<sup>6</sup>; probablemente só se trata dunha modificación do primeiro, que podía ser cantada polo coro ao tempo que a voz solista entoaba a súa parte.

Está composto por unha combinación de versos (tónicos) pentasílabos e heptasílabos, sendo necesaria en moitas ocasións a realización de sinalefa para manter a estabilidade métrica.

A lingua que observamos neste vilancico presenta unha característica importante: a abundancia de castelanismos. En xeral, trata-se de castelanismos léxicos fronte á carencia de influencias no nivel sintáctico. Destaca a presenza de léxico relixioso castelanizado, probablemente motivado polo feito de que o autor do texto coñecía estes termos pola súa formación eclesiástica e académica. Moitos deles aparecen en posición de rima e isto mesmo podería ser a causa do seu emprego<sup>7</sup>. Resulta especialmente destacada a forma pronominal de primeira persoa, empregada correctamente no verso inmediatamente anterior. Ademais achamos castelanismos esporadicamente nun dos papeis manuscritos que non se repiten; v.gr. no verso 9, nunha ocasión aparece *estoy* por *estou*.

A presenza de castelanismos é constante nos vilancicos mindonienses e, consecuentemente, podemos pensar que a lingua galega que se falaba naqueles tempos fose moi semellante á que se reflecte nos textos como estes. A única fonte de que partían os autores destas composicións era a lingua oral da súa comarca, carecendo totalmente de calquer apoio literario ou gramatical.

## A) Edición: Oyame, zagal

### Introdución

- 1        -Oyame, zagal  
          oyame, pastor:  
          mora aquí un Señor  
          que hé máis que na terra  
5        o mayor señor?

- *Aquí está la Aurora,  
el Alva y el Sol.*

- Entrenlle recado,  
          diganlle que estou  
10        eu mesmo en persona  
          que veño con *yo*.

---

<sup>6</sup>J. M. Montero Santalha suprime este verso na súa edición (1990).

15 -*¿Y quién al Ynfante  
diremos que sois,  
pues traeis familia  
de esa ostentación?*

-Diganlle bustedes  
que sou Jan Salton.

-*¿Quién el sobrenombre  
de Saltón te dió?*

20 -O mellor Gayteiro  
foi quen o inventou.

-*¿Qué le traes al Niño  
en la Noche de oy?*

25 -Un saco de amores  
en unha cancion.

-*Dila porque a todos  
influya tu voz.*

30 -Non me anden en puntos  
de re, mi, fa, sol,  
si non hé entonando  
todos de monton,  
digan o compas  
que a gritos lles dou.

### Canción

35 -Jan Salton, si cara a cara  
oxe logras ver a *Dios*,  
máis de catro que te escoytan,  
ser quixeran Jan Salton.

40 -*Vaya de alegría,  
vaya de función,  
y con él digamos,  
pues él empezó  
la canción alegre  
que al Niño cantó.*

## Coplas

1. Meu Neniño, eu ben quixera  
45 librarvos do frío a vós,  
mais xa vexo que hé escusado  
pois sodes forno de amor.

2. Entre pallas te deixaron  
teus paisanos, que *dolor!*  
50 Vén comigo á miña aldea  
non che faltará un xergon.

3. Que garrida hé esa Señora  
que che está dando calor!;  
ben se pode por seu rostro  
55 pintar unha Concepcion.

4. E ese velliño da vara,  
si sodes seu Fillo vós,  
ben pode o amor que vos ten  
andarse de flor en flor.

## B) NOTAS:

**1-2** oyame: oigame VILL<sup>8</sup>, ouça-me MON<sup>9</sup>. Ao noso parecer, o MS non presenta dúbidas, a forma empregada é a hoxe maioritaria no territorio galego, produto da simplificación do grupo vocálico: -ou'i-<sup>10</sup>.

**9** estou: estoy MS (nunha ocasión). Nas partituras observamos con frecuencia como aparece repetida a letra dalgunha parte do vilancico. É lóxico considerando que habia partes cantadas por unha voz e logo reiteradas por outras ou polo coro; con-

---

<sup>8</sup> C. Villanueva, (Vid. supra n. 5). Sempre nos referimos a esta edición con esta abreviatura.

<sup>9</sup> J. M. Montero Santalha, (Vid. supra n. 2). Empregaremos para esta edición a abreviatura MON. Convén indicar que presenta o texto en edición normativizada reintegrada nos aspectos ortográfico e morfolóxico

<sup>10</sup> Cfr. M. Ferreiro, *Gramática histórica galega*, Ed. Laoivento, Santiago de Compostela, 1995, p. 330.

secuentemente o mestre de capela estaba na obriga de facer máis dun papel coa letra e música correspondentes. Ás veces comete un erro nun deses papeis, como nesta ocasión.

**10** persona: pessoa MON. A língua empregada por Xan Saltón caracteriza-se pola inclusión de castelanismos, feito lóxico se entendemos o contexto en que se movería o autor do texto: probablemente sería un sacerdote coñecedor da litúrxia en latin e logo instruído en castelán, pero totalmente orfo en estudos de galego.

**11** yo. Utilizamos a cursiva porque mantemos un evidente castelanismo posiblemente motivado pola rima, xa que no comezo do verso anterior emprega a forma correcta.

**16** bustedes: vostedes VILL, vocês MON. Trata-se dun popularismo, con vogal átona pretónica que fecha un grao.

**17** sou: son VILL. A forma *sou* é analóxica de *vou, dou,...*<sup>11</sup>

**17** Jan: Xan VILL, João MON.

**21** inventou: invento MS (aparece nunha soa ocasión e con sinais claros de ser borrado o «u»).

**25** en unha: en unha / en una MS, e unha VILL, em uma MON. O cómputo silábico pode ser o único motivo de que apareza sen realizar a contracción. Nunha ocasión o copista escribe *una*.

**28** non: non / nom MS, no VILL, não MON. A vacilación na consoante final pode ser produto da asimilación coa consoante inicial da seguinte palabra: *me*.

**30** si non hé: se non é VILL, senão MON. Non consideramos preciso suprimir o verbo *é*, xa que se consegue a regularidade silábica realizando sinalefa con *entonando*.

**30** entonando: entoando MON.

**34** Jan: Jan / Xan MS, Xan VILL, João MON. Nunha ocasión aparece grafado con «x» neste contexto.

**35** Aparece neste verso como remate e, polo tanto, en posición de rima un castelanismo frecuente no léxico relixioso.

**37** ser: ver VILL e MON. O texto do MS ten coerencia semántica.

**37** Jan: Jan / Xan MS, Xan VILL, João MON. Tamén aquí, como no verso 34, achamos nunha ocasión a grafía «x» para a fricativa, palatal, xorda.

**45-47** librar-vos...forno de amor. VILL edita: «hoxe, lograr ver a Deus, /mais de catro que che escoitan / ver quixeran Xan Saltón». Parece un erro provocado pola confusión cos versos da canción (35-37)<sup>12</sup>.

<sup>11</sup> Cfr. M. Ferreiro (1995, p 337), *Op. cit.*

<sup>12</sup> Consultamos unha copia manuscrita da partitura deste vilancico - da man de Joám Trillo - que posue o profesor Villanueva e ali aparece transcrito o texto tal como nós editamos. Tamén segue esta versión fiel ao MS a edición de Montero Santalha.

#### IV) O VILANCICO CANTADO EN 1801. LOS GALLEGOS SABIENDO QUE EN BELÉN NACIÓ EL PAN

Este outro texto apresenta tamén unha parte en castelán: a introdución e o estribillo. Logo segue unha canción, a resposta a esta e finalmente catro coplas. A última delas é inédita, sen dúbida por obra dun lapso da única edición existente do texto<sup>13</sup>. Aparece este vilancico publicado no volume citado do profesor Villanueva<sup>14</sup>.

Trata-se dun vilancico culto de referencias bíblicas que desenvolve de maneira metafórica a imaxe de *Cristo* como *trigo* ou *pan*. Podemos intuír a intención do autor de achegar a un plano popular e cotián os feitos relixiosos que trata no vilancico. As manifestacións musicais do Nadal eran moi do gusto popular e sen dúbida eran unha boa ocasión para transmitir a doutrina relixiosa aos asistentes ás misas. Procura un tratamento próximo ao auditorio cando di: «...está o Trigo na terra deitado/ e nun madeiro será levantado...»(vv.15-16). O pobo galego, labrego na súa maioría, logo identificaría o «madeiro» da cruz en que se ergue a Cristo co «medeiro» en que se levanta o trigo nas leiras despois da sega.

Canto á forma literaria este vilancico combina versos (tónicos) de trece e dez sílabas. A parte en castelán presenta os versos máis longos, fronte á galega que constitúe o resto da composición. Observamos a necesaria realización de sinalefas en moitos casos, mais atopamos un verso anisilábico na *Resposta* (v.12) cun total de 11 sílabas. O autor indica ademais a elisión dalgunhas sílabas: nos versos 13 (*'stá pequeño o Trigo candial*), 14 (*mais no'haxan medo que nos falte Pan*) e 30 (*para as que o beban, non 'stando ben puras*).

A rima é moi variábel. A parte castelá presenta unha rima única asoante en *a*, que volve aparecer na parte galega denominada *Resposta*. A *Canción* introduce o esquema que aparecerá logo en todas as coplas: os versos riman en parellas introducindo rimas novas en cada estrofa. Algunhas son rimas totais (na *Canción* e na 1ª *Copla*) e outras parciais (caso da 2ª *Copla*).

A lingua desta peza é moi semellante á do vilancico que analizamos anteriormente. Outra vez achamos castelanismos como *galleguiños* (7), *polvo*<sup>15</sup> (22) ou *bolan* (28). No verso 28 lemos *Virgens*; pode tratar-se da formación do plural sobre o castelanismo en singular *virgen*, evitando ademais engadir unha sílaba ao verso.

O emprego de elisións indica outra vez o apoio na lingua oral á hora de escribir estes textos. As supresións que observamos no texto son aínda hoxe verificábeis na lingua falada.

---

<sup>13</sup>Na partitura aparecen nunha mesma plana as tres primeiras coplas. Tamén se le: 4ª(*Adentro*). Abrindo o dobre folio pode ler-se esta cuarta copla engadida.

<sup>14</sup>C.Villanueva (1994, pp 245-246)

<sup>15</sup>A relación co texto bíblico é fácil neste caso («*polvo eres y en polvo te convertirás*»); como no caso do léxico especificamente relixioso, aquí está presente outra vez a influencia castelá.



## A) Edición: *Los gallegos sabiendo que en Belén nació el Pan*

### Introdución

- 1 *Los gallegos, sabiendo que en Belén nació el Pan,  
a hacer allí su Agosto en el Diciembre van.  
Las penas de esta vida y el continuado afán  
con la Gayta gallega todos divertirán.*

### Estribillo

- 5 *A reír, a cantar, a Belén, al Portal  
que allí está nacido el Trigo candial...*

### Canción

- Os galleguiños, deixando sua terra,  
van ver o Trigo que en outra se encerra.  
Vendoo tan baixo, chorando e sentindo,  
10 como uns Profetas exclaman decindo:

### Resposta

Ay, que pequeno achamos o Pan!  
a trinta diñeiros vendido sera;  
‘stá pequeniño o trigo candial,  
mais no’haxan medo que nos falte Pan.

### Coplas

- 15 1. Ay!, que está o Trigo na terra deitado  
e nun madeiro sera levantado.  
Este é aquel Pan que as Almas sustenta  
e tamen viño que o Home alimenta.
- 20 2. Este é o Trigo que tanto se abaixa,  
que asi que nace se tumba na palla.  
Con ser tan limpo, por que hoxe me asombre,  
quixo tomar en si o polvo do Home.
- 25 3. Pan como este non se veo na terra:  
El sana a Alma e os vicios desterra.  
Mais tamen mata o que, desatento,  
non se dispe antes do home vello.

4. Viño tan Puro nunca a Terra o deo,  
que engendra Virgens que bolan ó Ceo.  
Sera veneno e morte muy dura  
30 para as que o beban, non 'stando ben puras.

## B) Notas:

7 A forma *galleguiños* é un castelanismo constante en todo o conxunto de vilancicos mindonienses. Cfr.: Alegrade-vos pastores: **gallegos**, Do val a meu cabo veño: **galleguiños**, etc. A denominación de «gallego» tanto para o xentilicio como para referir-se ao idioma mantivo-se moito tempo. Mesmo na prensa do XIX era o máis habitual nos poucos artigos publicados en galego.

11-14 A nosa lectura difere da de VILL<sup>16</sup> que edita: «¡Ay! que pequeno achamos,/ ó Pan á trinta diñeiros vendido será./ Há pequeniño ó Trigo candial,/...»

13 stá: Há VILL. Omite-se no MS o «e» inicial, posibelmente para reducir nunha sílaba o cómputo silábico do verso. Non parece tratar-se, polo tanto, dun erro do copista que, por outra parte, emprega a forma completa poucos versos máis adiante (v.15). A utilización desta forma con aférese non é estraña nas nosas letras; mesmo se mantén na poesía do século XIX, facendo uso dela o próprio Eduardo Pondal<sup>17</sup>.

14 no'haxan : non haxan VILL. O MS apresenta esta redución final do advérbio de negación, tal como se rexistra na fala diante do pronome átono de P3<sup>18</sup>: «No'a trouxo». Observamos o emprego do verbo *haber* co valor de *ter*, tal como se facia na lingua medieval.

21 por que hoxe: proque o hoxe VILL. Posíbel erro de imprenta.

23 veo: veu VILL. Forma con desinénxia de pretérito en hiato. Hoxe aparecen dialectalmente, aínda que non no territorio mindoniense<sup>19</sup>.

26 dispe: dispoe? VILL. Dubida VILL coa súa edición, xa que a atopa carente de sentido. O MS fai referencia ao texto bíblico do Novo Testamento:

...pues si verdaderamente habéis oído hablar de él y os han instruído en la verdad de Jesús, debéis despojaros de vuestra vida pasada, del hombre viejo,

<sup>16</sup> Vid. supra nota nº 12. A partir de aquí referiremo-nos a esa edición por médio desta abreviatura.

<sup>17</sup> Cfr. Pondal, E., *Os Pinos*, «...non mólidos concertos/ que a virxes só ben 'stan;/...»

<sup>18</sup> Cfr.M. Ferreiro (1995, pp. 138-139)

<sup>19</sup> Cfr. Fernández Rei, F., *Dialectoloxía da lingua galega* (1991), Ed. Xerais, Vigo, pp. 87-88.

corrompido por las concupiscencias engañosas, renovaos en vuestro espíritu y en vuestra mente y revestíos del hombre nuevo, creado según Dios, en justicia y santidad verdadera... (EF. 4, 22-24)

...No os engañéis unos a otros, pues os habéis despojado del hombre viejo con su manera de actuar para revestiros del hombre nuevo, que se renueva sin cesar a imagen de su creador hasta adquirir el conocimiento perfecto...» ( Col.3, 9-11)<sup>20</sup>.

**27-30** Viño [...] ben puras: esta última copla non é publicada por VILL.

**27** Atopamos de novo a desinencia en hiato: *deo*<sup>21</sup>; aquí rimando con *Ceo*, que tamén apresenta o hiato.

**28** ó: ò MS. No MS aparece habitualmente acentuado desta maneira o artigo masculino ou tamén o pronome masculino átono de p3. Representamos con «o» acentuado ao sentido do texto que recomenda a presenza da frase preposicional coa partícula *a*.

**30** non ‘ stando: non stando MS. Tal como fixemos no v.13<sup>22</sup> marcamos a elisión cun apóstrofo. Parece a solución máis lóxica para manter a coerencia canto ao número de sílabas

---

<sup>20</sup> Citamos unha tradución en lingua castelá, pois supoñemos que o creador do texto tería contacto cunha versión semellante.

<sup>21</sup> Cfr. n. 23.

<sup>22</sup> Cfr. n. 13.